

**ACTA NÚM. 6/2022.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 14 DE SETEMBRO DE 2022.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 14 de setembro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 03.08.2022.

3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.06.2022 AO 09.09.2022.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUN TRAMO DUN CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE CHAMISEIRA - A PEDREIRA - CONCELLO DE BRIÓN.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2023.

6º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2021.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN NO CONCELLO DE AMES DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DUNHA ACTUACIÓN.

8º) MOCIÓN.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

**1º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA.**

Dada conta do decreto da alcaldía do 02.09.2022, que transcrito di:

O Pleno do Concello en sesión de data 17.06.2011 aprobou a modificación do regulamento orgánico municipal, téndose publicado a mesma no BOP do 10.08.2011, establecendo que o Pleno ordinario correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificados poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario un máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello neste momento non existe ningún funcionario que puidese tramitar os expedientes competencia do Pleno, por atoparse de vacacións os habilitados nacionais, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o mércores día 7 de setembro ao mércores 14 de setembro, ás 13,00 horas, polos motivos expostos.

2º) Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

Sometido a votación a súa ratificación o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda ratificalo.

**2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 03.08.2022.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 5/2022, do 03.08.2022.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

**3º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.06.2022 AO 09.09.2022.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000319/2022	10-06-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN MODIFICACION O.F. IIVTNU.
000320/2022	10-06-22	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 23/2020-D.
000321/2022	10-06-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS ESCOLAS MUSICAIS 2022/2023.
000322/2022	10-06-22	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN XANTAR FESTA DOS MAIORES 2022.
000323/2022	13-06-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA EEI DE OS ÁNXELES.
000324/2022	13-06-22	DECRETO-CONTRATO DE SUBMINISTRO DE TOLDO PARA ESCOLA INFANTIL.

000325/2022	13-06-22	DECRETO-CONTRATO DE SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE PAVIMENTO AMORTIGUADOR EN E.I.M.
000326/2022	13-06-22	DECRETO PADRÓN ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E DE OCIO CURSO 2021/2022 (2º PRAZO)
000327/2022	13-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. SERVIZO DE PISCINA MUNICIPAL. VERÁN 2022.
000328/2022	13-06-22	DECRETO PADRÓN TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DA VÍA PÚBLICA PARA FACILITAR A ENTRADA EN GARAXES PARTICULARES 2021.
000329/2022	14-06-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000598009.
000330/2022	14-06-22	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE LETRADA E PROCURADOR NO PROCEDIMENTO XUDICIAL PO 01 2021.
000331/2022	15-06-22	PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000332/2022	15-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ASESORAMENTO TÉCNICO-XURIDICO.
000333/2022	16-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DA OBRA DE CUBRICIÓN DO PARQUE INFANTIL DO INXERIDO.
000334/2022	16-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO PAGAMENTO DA SANCIÓN IMPOSTA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.
000335/2022	16-06-22	APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO POS + ADICIONAL 2 2022
000336/2022	17-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. PAGA EXTRA XUÑO.
000337/2022	17-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN MUNICIPAL. VERÁN 2022.
000338/2022	20-06-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 21/06/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000339/2022	20-06-22	APROBACIÓN BASES SELECCIÓN PERSOAL RISGA 2022.
000340/2022	21-06-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/27 CONTRATO.
000341/2022	21-06-22	NOMEAMENTO DE INSTRUTOR EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.
000342/2022	21-06-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/28.
000343/2022	21-06-22	DECRETO DE NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO (AUXILIARES ADMINISTRATIVOS) PARA VARIAS SUBSTITUCIÓNS TEMPORAIS.
000344/2022	21-06-22	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XUÑO 2022.
000345/2022	21-06-22	CONVENIO E SOLICITUDE PROGRAMA INTEGRADO AMES-BRIÓN 2022-2023.
000346/2022	21-06-22	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO 2021.
000347/2022	22-06-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE CAMIÑO DE QUEIMADA A RAÑALONGA.
000348/2022	22-06-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000498243.
000349/2022	22-06-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/29 (+3.000€).
000350/2022	22-06-22	MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA Nº 04/2022: INCORPORACIÓN R.C. EXERCICIO ANTERIOR (OBRAS CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS).
000351/2022	23-06-22	ADHESIÓN AO PROGRAMA PEL-CONCELLOS_AXUDAS AO SECTOR DAS ORQUESTRAS E VERBENAS.
000352/2022	28-06-22	APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022.
000353/2022	28-06-22	MC Nº 05/2022: T.C. ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.

000354/2022	28-06-22	ASUNTO: PERSOACIÓN NO P.O. 0000254/2022 , ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO CARLOS ABAL LOURIDO.
000355/2022	28-06-22	CONTRATO SERVIZO DE MONITORAXE DOS OBRADOIROS DE NATUREZA DO PROGRAMA CONCILIA-VERÁN 2022.
000356/2022	28-06-22	CONTRATO SERVIZO DE MONITORAXE DOS OBRADOIROS DEPORTIVOS DO PROGRAMA DE CONCILIA-VERÁN 2022.
000357/2022	28-06-22	CONTRATO SERVIZO DE MONITORAXE DOS OBRADOIROS LÚDICOS DO PROGRAMA CONCILIA-VERÁN 2022.
000358/2022	29-06-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 2 DA OBRA DE CAMIÑO AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000359/2022	29-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN LABORAL. RISGA 2022.
000360/2022	29-06-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XUÑO 2022.
000361/2022	30-06-22	EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: PROXECTO MODIFICADO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000362/2022	30-06-22	REINTEGRO DE PARTE DE SUBVENCIÓN PREPAGABLE NON XUSTIFICADA POS+AD1 GASTO SOCIAL.
000363/2022	30-06-22	M.C. Nº 06/2022: XERACIÓN DE CRÉDITO (RISGA 2022-2023).
000364/2022	30-06-22	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XUÑO 2022.
000365/2022	01-07-22	REMISIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E EMPRAZAMENTOS P.O. 0000240/2022.
000366/2022	01-07-22	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2022.
000367/2022	01-07-22	PERSONACIÓN NO P.O. 0000240/2022 E NOMEAMENTO DE LETRADO.
000368/2022	01-07-22	DECRETO DE CAMBIOS DE TITULARIDADE LIXO 2022-PERÍODO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO.
000369/2022	01-07-22	DECRETO DE BAIXA NO PADRÓN DO LIXO 2022 PERÍODO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO.
000370/2022	01-07-22	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO 2022.
000371/2022	01-07-22	DECRETO DE BAIXAS NO PADRÓN DE HABITANTES MES DE XUÑO DE 2022.
000372/2022	04-07-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 05/07/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000373/2022	04-07-22	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2021-D.
000374/2022	05-07-22	DECRETO POLO QUE SE APROBA O CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE BEIRARRUAS.
000375/2022	05-07-22	DECRETO POLO QUE SE APROBA O CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE LIMPEZA DE ALDEAS.
000376/2022	06-07-22	DECRETO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA DOTACIÓN DUN VEHÍCULO PARA A POLICÍA LOCAL POLO SISTEMA DE RENTING.
000377/2022	06-07-22	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO.
000378/2022	07-07-22	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS.
000379/2022	07-07-22	BAIXA XANTAR 48 F.E.B.R.
000380/2022	07-07-22	DECRETO DE APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XUÑO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000381/2022	07-07-22	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA XUÑO.
000382/2022	07-07-22	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO.

000383/2022	07-07-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO DE CAMIÑO DE IGREXA A SOIGREXA_BASTAVALES E OUTROS.
000384/2022	08-07-22	ALTA XANTAR NA CASA EXPTE. 49.
000385/2022	08-07-22	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2022-D.
000386/2022	08-07-22	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 11/2022-D.
000387/2022	08-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/30 CONTRATO.
000388/2022	08-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/31 (+3.000).
000389/2022	08-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/32.
000390/2022	08-07-22	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/06.22 - XUÑO 2022.
000391/2022	13-07-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.
000392/2022	13-07-22	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS: LIMPEZA DA EEI DE OS ÁNXELES.
000393/2022	14-07-22	EXECUCIÓN DA ORDE DE CESE DE ACITIVIDADES ACORDADA POR RESOLUCIÓN DE 13.03.2018, NOVO PRAZO.
000394/2022	14-07-22	PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO .
000395/2022	14-07-22	COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA), O 08/08/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000396/2022	14-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO IES DE BRIÓN.
000397/2022	14-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DA EEI OS ÁNXELES.
000398/2022	14-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DA EEI DE SABAXÁNS.
000399/2022	14-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2002 DO CLUB DE BALONCESTO DE BRIÓN.
000400/2022	14-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DEPORTIVO BRIÓN.
000401/2022	15-07-22	CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓN PARA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN 2022.
000402/2022	15-07-22	DECRETO AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXA.
000403/2022	15-07-22	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBM. AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN AUGAS RESIDUAIS E CANON AUGA.CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.
000404/2022	18-07-22	CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A A GRAÑA.
000405/2022	19-07-22	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.30/2020-M-D.
000406/2022	19-07-22	PAGOS A XUSTIFICAR ACTIVIDADES MAIORES VERÁN 2022
000407/2022	20-07-22	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS ESCOLAS MUSICAIS 2022/2023.
000408/2022	20-07-22	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS: VIAXE CULTURAL PARA MAIORES Á COSTA DE ANDALUCÍA 2022.
000409/2022	20-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CEIP PEDROUZOS.
000410/2022	20-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DA BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN.
000411/2022	20-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE PATINAXE DE BRIÓN.
000412/2022	20-07-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE PATINAXE TORRES DE ALTAMIRA.

000413/2022	20-07-22	BAIXA EXPTE. XANTAR NA CASA Nº38.
000414/2022	21-07-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO REINTEGRO PARCIAL DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL - RISGA 2021.
000415/2022	21-07-22	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 19/2020-D.
000416/2022	21-07-22	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2022-D.
000417/2022	22-07-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 26/07/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000418/2022	26-07-22	DECRETO DE RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. XULLO 2022.
000419/2022	28-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/33 CONTRATO.
000420/2022	28-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/34.
000421/2022	28-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/35 (+3.000).
000422/2022	28-07-22	DECRETO CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) PARA O 02/08/2022 ÁS 13:15 HORAS.
000423/2022	28-07-22	DECRETO CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 02/08/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000424/2022	28-07-22	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - XULLO 2022.
000425/2022	28-07-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/36 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000426/2022	28-07-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. XULLO 2022.
000427/2022	29-07-22	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS: CAMIÑO DE QUEIMADA A RAÑALONGA.
000428/2022	29-07-22	DECRETO CONVOCATORIA DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 03/08/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000429/2022	29-07-22	PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE ASESORAMIENTO XURÍDICO EN MATERIA DE URBANISMO.
000430/2022	29-07-22	DEVOLUCIÓN INGRESO PREZO PÚBLICO CAMPAMENTO XUVENIL
000431/2022	01-08-22	APROBACIÓN EXPEDIENTE MC Nº 09/2022: X.C. AXENTE DE IGUALDADE 2022.
000432/2022	01-08-22	APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA SELECCIÓN DE AXENTE DE IGUALDADE.
000433/2022	03-08-22	CONTRATO MENOR CATERING CAMPAMENTO INFANTIL 2022.
000434/2022	03-08-22	CONTRATO MENOR ALOXAMENTO CAMPAMENTO INFANTIL 2022.
000435/2022	03-08-22	CONTRATO MENOR MONITORAXE CAMPAMENTO INFANTIL 2022.
000436/2022	05-08-22	DECRETO DEPENDENCIA XULLO 2022.
000437/2022	05-08-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO POS+ 2022: REFORZO DE FIRME NOS ACCESOS A GUITIANDE E OUTROS.
000438/2022	05-08-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN EXPEDIENTE MODIFICACIÓN ORDENANZA SANEAMENTO.
000439/2022	05-08-22	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2022.
000440/2022	05-08-22	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2022
000441/2022	05-08-22	PADRÓN AXUDA NO FOGAR XULLO.
000442/2022	08-08-22	PROCEDEMENTO SANCIONADOR DE TRÁFICO.
000443/2022	08-08-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 09/08/2022 ÁS 13:00 HORAS.

000444/2022	08-08-22	DECRETO DE ADSCRICIÓN DO PERSOAL E MAQUINARIA AO PROGRAMA DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS ANO 2022.
000445/2022	11-08-22	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2003: CAMIÑO DE QUEIMADA A RAÑALONGA.
000446/2022	11-08-22	LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS P.P. E A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL.
000447/2022	11-08-22	LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000448/2022	11-08-22	LICENZA PARA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000449/2022	11-08-22	LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS P.P.
000450/2022	11-08-22	INSCRICIÓN DUN ANIMAL NO REXISTRO MUNICIPAL DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000451/2022	11-08-22	LICENZA ADMINISTRATIVA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS.
000452/2022	11-08-22	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS XULLO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000453/2022	12-08-22	AUTORIZACIÓN DE PERMISOS AO PERSOAL MUNICIPAL POSTERIORES AO NACEMENTO DE DESCENDENTES.
000454/2022	12-08-22	DECRETO DE CONTRATACION LABORAL. SUBSTITUCIÓN DE PERMISOS POSTERIORES Á PATERNIDADE DO PERSOAL GES
000455/2022	18-08-22	DECRETO APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBM. AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN AUGAS RESIDUAIS E CANON AUGA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.
000456/2022	25-08-22	SOLICITUDE XANTAR A DOMICILIO DUN VECIÑO.
000457/2022	25-08-22	SAF EXPTE.11/2022 DUN VECIÑO.
000458/2022	25-08-22	SERVIZO DE CATERING CAMPAMENTO XUVENIL 2022.
000459/2022	25-08-22	MONITORAXE CAMPAMENTO XUVENIL 2022.
000460/2022	25-08-22	SUBMINISTRO CARPA PLEGABLE CAMPAMENTOS DE VERÁN.
000461/2022	26-08-22	ALOXAMENTO CAMPAMENTO XUVENIL 2022.
000462/2022	29-08-22	DECRETO DE ACEPTACIÓN DA REINCORPORACIÓN DE PERSOAL DA ESCOLA INFANTIL.
000463/2022	30-08-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000566153.
000464/2022	30-08-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2022.
000465/2022	30-08-22	DECRETO DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA LISTA DE ADMITIDOS. PROCESO SELECTIVO AXENTE DE IGUALDADE.
000466/2022	30-08-22	ACOMPAÑAMENTO FESTA DOS MAIORES 2022.
000467/2022	30-08-22	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN ÚNICA OBRA POS + 2021: AMPLIACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA ALDEA DE LAMIÑO.
000468/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.
000469/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.
000470/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000471/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA
000472/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000473/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000474/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000475/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.

000476/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.
000477/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.
000478/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN AVAL.
000479/2022	30-08-22	DEVOLUCIÓN FIANZA.
000480/2022	30-08-22	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/07.22 - XULLO 2022.
000481/2022	30-08-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/37 CONTRATO.
000482/2022	30-08-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/38.
000483/2022	30-08-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/39 (+3.000).
000484/2022	31-08-22	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2022.
000485/2022	31-08-22	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVICIOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - AGOSTO 2022.
000486/2022	31-08-22	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2022.
000487/2022	02-09-22	DECRETO DE CAMBIO DE DIA DA SESIÓN PLENARIA CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO.
000488/2022	02-09-22	DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO.
000489/2022	10-08-22	M.C. Nº 10/2022 : INCORPORACIÓN REMANENTES DE CRÉDITO Nº 03/2022 (LAMIÑO, O CABO E A GRAÑA, RISGA E APROL).
000490/2022	06-09-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DE MODIFICACIÓN DO ANEXO DE SUBVENCIONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DE 2022.
000491/2022	06-09-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN DO EMC 7 2022.
000492/2022	06-09-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE APROBACIÓN DO EMC 8 2022.
000493/2022	08-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE FOGOS ARTIFICIAIS DAS FESTAS DE SANTA MINIA 2022.
000494/2022	08-09-22	DECRETO DE CONCESIÓN DUN ANTICIPO DO 50% DA SUBVENCIÓN Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS.
000495/2022	08-09-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR. SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN MUNICIPAL.
000496/2022	08-09-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 13/09/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000497/2022	08-09-22	DECLARANDO DESERTO O CONTRATO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN POLIDEPORATIVO MUNICIPAL DE PEDROUZOS.
000498/2022	09-09-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 14/09/2022 ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

#### **4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESAFECTACIÓN E PERMUTA DUN TRAMO DUN CAMIÑO PÚBLICO NO LUGAR DE CHAMISEIRA - A PEDREIRA - CONCELLO DE BRIÓN.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 13.09.2022, que transcrita di:

Antecedentes de feito:

1.- Álvaro Rodríguez Casal presenta solicitude para o cambio do trazado dun camiño público que discorre pola súa propiedade sita no lugar de Chamiseira, A Pedreira, no Concello de Brión, conforme co informe técnico redactado polo enxeñeiro agrónomo Marcos García Vázquez.



2.- En data 5 de setembro de 2022, a técnica municipal emite informe no que, basicamente conclúe que o “Informe de parcelación e reubicación de camiño rústico”, asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, cumpre co disposto na lexislación urbanística vixente, e que a nova proposta resulta oportuna e atópase xustificada.

Normativa aplicable:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- PXOM de Brión.

1.O interesado pretende modificar o trazado dun camiño público que discorre entre as parcelas catastrais 15013A022002000000UK, 15013A022001980000UO e 15013A022002110000UZ, sitas no lugar de Chamiseira, A Pedreira, no Concello de Brión, para así podelas agrupar nunha soa desprazando o trazado do camiño ao lindeiro norte da finca, de tal xeito que o cambio de trazado, ofrece unha alternativa á súa configuración orixinal, facilitando a comunicación e conexión coas parcelas ás que da servizo, en forma igualmente satisfactoria para o funcionamento do servizo do vial.

2. En relación coa posibilidade de modificar o trazado dun vial público comezando a partir do feito de que as entidades locais gozan de capacidade xurídica plena para adquirir e posuír bens de tódalas clases e exercer as accións e recursos procedentes na defensa do seu patrimonio ( art. 9.1 do RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais).

Por outra banda, o art. 3 do RD 1372/1986 sinala que os camiños teñen a consideración de bens de uso público local, polo que con carácter previo á modificación do seu trazado e conseguinte permuta, comezando a alterar a súa calificación xurídica, desafectándose do uso público ao que está vencellado, momento a partir do cal xa se pode tramitar o correspondente procedemento para permutar o terreo antigo polo novo.

Nada impide que unha entidade local, logo da tramitación do correspondente expediente, poida desafectar un ben de dominio público, sempre que, como se sinala no RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e na Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, que regulan o procedemento para a alteración xurídica dun ben público, iso veña xustificado por criterios de oportunidade e legalidade.

3. Dita desafectación (ou alteración da calificación xurídica do ben) segundo o art. 8 do RD 1372/1986 e o art. 269 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia, require da tramitación dun expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade. O expediente terá que ser resolto polo Pleno, previa información pública por prazo dun mes, mediante acordo adoptado polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

4. No caso que nos ocupa, a desafectación que se pretende afecta a un tramo dun camiño rústico (con forma de i grego) que discorre entre tres parcelas dun mesmo titular e comunica diversas parcelas, tamén rústicas, da zona. Segundo se desprende da documentación aportada, o camiño conta cunha superficie de 491 m<sup>2</sup>, segundo medición recente, que se atopan sen asfaltar e en mal estado de conservación, resultando imposible o seu tránsito rodado de non ser con maquinaria agrícola. O tramo a desafectar forma un i grego no interior das parcelas do interesado servindo de acceso única e exclusivamente a outras parcelas rústicas da zona.

O novo trazado proposto polo interesado pasaría a discorrer polo lindeiro norte das parcelas catastrais 15013A022001980000UO e 15013A022002110000UZ. Deste xeito eliminaríase o trazado orixinal, pasándose do trazado actual en i grego a un trazado lineal e máis directo con

acceso dende o mesmo camiño do que partía, ofrecendo unha mellor comunicación, funcionalidade e acceso ás zonas ás que da servizo, sen que se altere a comunicación entre elas.

5. O informe técnico municipal sinala que non se produce alteración entre superficie do camiño no tramo afectado e a que se pretende permutar, coincidindo en 491 m<sup>2</sup>, e que ademais o novo trazado proposto, ao ser máis directo que o anterior, xa que se elimina a forma en "i grego" que presenta actualmente, supón que o trazado sexa máis directo e curto e, ao mesmo tempo, dado que a superficie non varía, presentará un ancho maior o que facilitará o tránsito da maquinaria agrícola e forestal, que é a que, polas características do mesmo e da zona, circulará polo mesmo, e todo iso, sen que se perda a funcionalidade do camiño nin a comunicación da zona afectada.

6. Polo tanto, debe admitirse que a proposta mellora sensiblemente o trazado e as condicións do camiño actual, xa que, en ningún momento o novo trazado impide ou limita a comunicación e acceso ás parcelas colindantes, senón que mellora sensiblemente o trazado ao ser máis directo, curto e ancho.

Por todos estes motivos, enténdese xustificada a desafectación do camiño que discorre polas parcelas do interesado mediante a incoación do procedemento para tal fin para que, posteriormente, se poida permutar.

Polo que compre incoar o expediente de desafectación e sometelo a un período de información pública dun mes a fin de que se poida alegar o que se considere oportuno por todos aqueles que se consideren interesados, conforme co disposto nos artigos 8 do RD 1372/1986 e 269 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.

7. O órgano competente para declarar a desafectación dun ben de dominio público é o Pleno da Corporación conforme co disposto no art. 22.f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Tendo en conta o anteriormente exposto, e vistos os informes da arquitecta municipal, do asesor xurídico urbanístico do concello e de secretaría, proponse a adopción do seguinte acordo:

**1º)** Aprobar inicialmente o expediente de desafectación da superficie de 491 m<sup>2</sup> do tramo do trazado do camiño público que discorre polas parcelas catastrais 15013A022002000000UK, 15013A022001980000UO e 15013A022002110000UZ, sitas no lugar de Chamiseira, A Pedreira, Concello de Brión.

**2º)** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o anuncio de desafectación da superficie de 491 m<sup>2</sup> do tramo do trazado do camiño público que discorre polas parcelas catastrais 15013A022002000000UK, 15013A022001980000UO e 15013A022002110000UZ, sitas no lugar de Chamiseira, A Pedreira, Concello de Brión, abríndose coa dita publicación o prazo de información pública polo prazo dun mes disposto no artigo 8 parágrafo 2º do Real Decreto 1372/1986, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 10, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (6), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 1, pertencente á Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

##### **5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE FESTIVOS LOCAIS 2023.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.09.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 13.09.2022, que transcrita di:

Visto o Decreto 139/2022, do 21 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023, publicado no DOG do 05.08.2022, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

**1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2023 as seguintes datas:**

-. O xoves 18 de maio de 2023 ( Día da Ascensión ) e o mércores 27 de setembro de 2023 ( Santa Minia ).

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**6º) APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DE 2021.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 06.09.2022, que transcrita di:

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento do Concello de 2021, e ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 8 de agosto de 2022, sometida a exposición pública durante o prazo de quince días hábiles consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, mediante anuncio no BOP núm. 153, do 12 de agosto de 2022 e no taboleiro de edictos do Concello, e non presentándose durante dito prazo ningunha reclamación, reparo ou observación, segundo certificación de secretaría que consta no expediente, propónse a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a conta xeral do orzamento do Concello de 2021.

2º) Consonte co art. 212 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, render a conta xeral para a fiscalización externa ao Consello de Contas de Galicia, ao abeiro do disposto na resolución do Consello de Contas de Galicia do 1 de xuño de 2016, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 14.06.2016), modificada por resolución do 10 de marzo de 2020, pola que se ordena a publicación do acordo do Pleno do Consello de Contas de Galicia, do 6 de marzo de 2020, polo que se modifica o disposto no acordo do Pleno do 31 de maio de 2016, polo que se aproba a Instrución que regula o formato normalizado da conta xeral das entidades locais de Galicia en soporte informático e o procedemento telemático para a súa rendición (DOG do 18.03.2020), debendo remitirse a mesma por intervención.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que xa comentamos na comisión que votaríamos a favor, pero que ten que levarse á ditame da Comisión Especial de Contas antes do 1 de xuño e non o 8 de agosto, e que existen algúns reparos de intervención sobre os contratos menores, pero reiterar que consideramos moi importante o tema das datas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

**7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN NO CONCELLO DE AMES DA CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DUNHA ACTUACIÓN.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 08.09.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 13.09.2022, que transcrita di:

Con data 08.04.2022 os concellos de Brión e Ames asinaron o convenio de colaboración para a solicitude conxunta dunha subvención á Xunta de Galicia para a realización dun obradoiro dual de emprego.

Entre as actuacións previstas se atopa a realización da seguinte actuación: Instalación fotovoltaica depuradora de Lens, titularidade Ames - Brión, cun orzamento de: 77.005,02 euros, financiada do seguinte xeito: Concello de Ames: 51.593,36 euros; Concello de Brión: 25.411,66 euros.

Ao tratarse dunha instalación de titularidade conxunta resulta necesario delegar a contratación desta actuación, polo que propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Delegar no Concello de Ames a contratación e execución da actuación referenciada.
- 2º) Notificar este acordo ao Concello de Ames para o seu coñecemento e efectos.
- 3º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

**8º) MOCIÓNS.**

Non se presentou ningunha.

**9º) ROGOS E PREGUNTAS.**

**9.1. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do BNG:**

**1. SOBRE AXUDAS EN MATERIA SOCIAL EDUCATIVA.**

O comezo de curso 2022/23 está supoñendo para moitas familias un esforzo económico importante nun momento de dificultades acumuladas: ao incremento xeral dos prezos (enerxía, alimentación, etc.) estase sumando a aumento dos custes de hipotecas e malas perspectivas económicas para os vindeiros meses. Neste comezo de curso a entrada en vigor da nova lei educativa supón o cambio obrigatorio de libros en varios cursos, o que desbota a posibilidade de herdalos doutros anos ou recibilos en préstamo polos centros de ensino. Unha vez máis quedan en evidencia as pésimas políticas da Xunta de Galiza que desbotou a gratuidade dos libros de texto impulsada polo anterior goberno e non implementa medidas que axuden a paliar a situación das familias con menos recursos.

É por isto que propoñemos que o Concello de Brión faga unha convocatoria extraordinaria de axudas para a adquisición de libros e material escolar en función da renda dispoñible e do esforzo económico ao que teñan que facer fronte as familias do noso Concello.

A Srª. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos conscientes do tema e no departamento de servizos sociais se está a traballar para axudar aos que o necesiten a través das axudas de

emergencia social, que o consideran o mellor medio e máis rápido e apropiado, e ademais ten dispoñibilidade orzamentaria.

O S. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que pensamos que sería mellor abrir a outras familias que non estean en situación tan extrema que teñan que ir a servizos sociais.

O Sr. Alcalde sinala que agradecemos a vosa proposta, o estamos estudando.

## 2. SOBRE A SITUACIÓN DAS TRABALLADORAS DO SAF.

Como sen dúbida saberá o goberno municipal o actual servizo de asistencia no fogar está xestionado pola empresa Attende Care, S.L. xa que a adxudicación o seu día foi feita polo concello. Supoño que estarán ao corrente que tal e como establece o convenio correspondente a suba do IPC para este ano debería ter sido do 6.5%. Pois ben, a única suba feita durante o primeiro semestre foi do 3.1%, o que non chega nin a metade do que marca a lei. Un sector con unha carga de responsabilidade enorme e que realiza un traballo social que nunca chegamos a recoñecer abondo parécenos engadir máis precarización nun ano en que as dificultades económicas son máis que evidentes. Solicitamos ao Concello de Brión como parte implicada que inste á empresa concesionaria a que cumpra o contrato así como todos os pregos de licitación aceptados no seu día, unha urxente reunión coas traballadoras e que se solucione coa correspondente retroactividade este problema urxente.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que somos coñecedores da normativa e non recibimos ningunha solicitude dos traballadores para reunirmos, e por outra banda o incremento está negociándose a nivel nacional nun novo convenio e nós controlamos que a empresa cumpra os pregos e a negociación do convenio é nacional.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que non se está controlando todo porque hai aspectos que non se están a cumprir, que se inste a que se cumpra todo.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que se non cumpren algo se lle requirirá para que cumpra coa dignidade e dereito dos traballadores.

O Sr. Alcalde sinala que eu non recibín ningunha solicitude de reunión, serán atendidos como sempre fixen.

## 3. SOBRE A LIÑA DE ALTA TENSIÓN NO CASTRO LUPARIO.

Este mes finalmente produciuse a autorización por parte da Xunta de Galiza a liña de alta tensión que transcorre por varios concellos da comarca e polas seguintes aldeas e territorio, como ben sabedes esta liña afecta a un elemento primordial do noso patrimonio como é o Castro Lupario. O noso grupo a través de varias iniciativas instou a Xunta a recapacitar e valorar de novo os grandes prexuízos que supón este proxecto, máis pensamos que ten que ser especialmente dende os concellos afectados onde se faga a maior presión para que finalmente non se leve a liña por ese traxecto.

Ten pensado o Concello de Brión valorar a reclamación de calquera xeito posible para impedir esta desfeita? Cal é a posición que pensa adoptar o concello neste sentido?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez sinala que cando se recibiu isto a técnica municipal informou desfavorablemente pero a Xunta non atendeu iso e deu a autorización; se está estudando a posibilidade de presentar un recurso contencioso ou, no seu caso, negociar coa empresa para que modifique o trazado.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que negociará a Xunta.

O Sr. Alcalde sinala falei coa empresa para ver se poden desviar as liñas para que non pase por alí e para a semana terei unha reunión con eles.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nos informedes de calquera cousa que fagades.

O Sr. Alcade sinala que a Xunta di que durante a exposición pública os veciños non presentaron alegacións e o Concello está a estudar se presenta un contencioso.

### 9.2. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do PP:

1.- Sendo coñecedores do inicio de expediente de desafectación da antiga Escola Infantil de Luaña, dende o Concello que uso lle van a dar a ese edificio?

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que uso sociocultural, foi ao Pleno do 20.04.2022 e está en tramitación, e pode servir como local sociocultural tanto municipal como para que os veciños poidan darlle uso.

2.- Vendo o estado no que está o IES Viceso, e tendo coñecemento que estivo unha tempada en concesión a unha empresa. Queríamos saber o estado desa concesión, e se dende o Concello se vai facer algún tipo de actuación sobre estas edificacións.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que rematou en 2021 a autorización; se mantiveron contactos con varias empresas para ver que se podía facer alí e estamos pendentes de recibir algunha proposta e se algún de vostedes ten algunha idea pode propoñela.

O Sr. Alcalde sinala que é municipal e xa sabedes todos o problema que houbo cando o entregou a Xunta; estamos vendo que se pode facer alí, a ver se entre todos podemos darlle unha solución a esa aberración que se fixo alí hai anos.

3.- Despois de ter falado con varios veciños do Concello, e a vista do seu interese, solicitamos que, de ser posible, se inicie o expediente para o comezo da tramitación da concentración parcelaria co Concello.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que tamén veciños nos fixeron esa petición e por iso estamos intentando ter unha reunión coa consellería para ver se se pode iniciar o expediente, en función do interese que manifesten a maioría dos veciños.

O Sr. Alcalde sinala que hai que solicitarlo á Xunta, é un proceso moi custoso e moi longo no tempo, imos reunirnos coa Consellería de Medio Rural.

4.- Dende hai anos levase reclamando polos veciños e ao mesmo tempo ofrecendo dende o goberno municipal unhas beirarrúas na estrada que une os Ánxeles e Bastavales, ao seu paso polo monte de Pérros. Dado que é unha estrada con moito tráfico e paso de vehículos pesados entre as dúas parroquias e a unión do noso concello ca N-550. Solicítase que se propoña á autoridade competente que se leve a cabo as obras para unha senda sinalizada e iluminada para o paso de peóns e bicicletas, libre de perigos, para unir as dúas parroquias e dotar ese tramo de estrada de pasos seguros.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebral Gómez sinala que isto é algo que ven de anos, pediuse á Xunta xa.

O Sr. Alcalde sinala que é unha prioridade e pediuse varias veces desde este Pleno, a miña responsabilidade me di que debo ter unha reunión coa conselleira e senón o fan eles, que nos dean a autorización para facelo nós porque é un perigo moi grande, tomamos nota e traballaremos niso.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e corenta minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González